

INTRODUCCIÓN

**HISTORIA DO MUNDO
CONTEMPORÁNEO (1º BACH)**

CONCEPTO DE HISTORIA: QUE É A HISTORIA?


- A Historia é a ciencia que intenta investigar, narrar e explicar como vivían as persoas doutras épocas e cales son os feitos máis importantes do pasado.
- A Historia non se debe limitar a narrar os feitos (cando e onde ocorreron), senón que tamén deben intentar dar unha explicación sobre as súas causas e consecuencias. Debe dar resposta a estas preguntas:
 - **QUE OCORREU?**
 - **ONDE?**
 - **CANDO?**
 - **COMO?**
 - **POR QUE?**
 - **QUE CONSECUENCIATIVO PARA A HISTORIA POSTERIOR?**

PARA QUE SERVE A HISTORIA?

- Se tiveses que contar a túa propia historia elexirías as pasaxes que te axudasen a explicar con maior claridade o teu presente e, seguramente, desa historia sacarías algunha lección que puidese servir para construír un futuro mellor tentando non cometer vellos erros.
- Do mesmo xeito, cada pobo, país ou a Humanidade no seu conxunto, debe coñecer a súa historia para **saber comprender con máis claridade o presente e tentar non cometer os erros pasados.**

As fontes históricas

- As fontes son os restos que deixaron os nosos antepasados e que estudan os historiadores para reconstruír a Historia: son os instrumentos que permiten ao historiador responder á pregunta: Como podemos saber o que ocorreu en épocas pasadas?



Tipos de fontes

	FONTES PRIMARIAS	FONTES SECUNDARIAS
	Son contemporáneas aos feitos dos que informan	Son posteriores aos feitos dos que informan
Fontes orais	Entrevistas a testemuñas do pasado	
Fontes escritas	Documentos escritos (obras literarias, tratados, discursos, periódicos, inscricións...)	
Fontes iconográficas	Imaxes (fotografías, pinturas, esculturas...)	
Fontes materiais	Obxectos (roupa, ferramentas, armas, edificios...)	

- **FONTES DIRECTAS:**

- **TESTEMUÑAS ORAIS:** Relatos de personas que viviron os sucesos históricos que poden estar gravados en cinta de audio, vídeo, disco...
- **TEXTOS:** Todo escrito literario, xornalístico, científico, relixioso, económico, etc, que teña valor histórico.
- **FONTES ARQUEOLÓXICAS:** Vasillas, esculturas, xoias, moedas, lápidas, cerámicas, mobles...
- **OUTRAS FONTES:**
 - **ARTÍSTICAS:** arquitectura, escultura, pintura, música, cine...
 - **CARTOGRÁFICAS:** planos, mapas.
 - **FOTOGRAFÍAS:** fotografías, diapositivas.
 - **AUDIOVISUAIS:** Reportaxes en soporte de vídeo.
 - **ESTATÍSTICAS:** Anuarios, censos...

- **FONTES INDIRECTAS:**

- Informan dos feitos históricos a través da interpretación de personas que non viviron directamente os feitos que narran. Poden ser:
 - **TESTEMUÑAS ORAIS INDIRECTAS:** alguén conta oralmente algo que lle contaron. Charlas ou conferencias sobre algún feito histórico.
 - **TEXTOS HISTORIOGRÁFICOS:** Libros ou revistas de Historia.



Problemas na utilización das fontes

- Pódense presentar problemas á hora de usar as fontes, sobre todo as máis antigas poden estar **deterioradas** ou ser moi **escasas**. Porén, na actualidade, os métodos que se empregan para a **datación** e **autenticación** das fontes están moi avanzados. Os arqueólogos utilizan procedementos xeolóxicos, físicos, químicos, etc.
- Tamén poden presentarse problemas na utilización das fontes históricas a causa da **parcialidade** que poden presentar as distintas fontes. Tanto as directas como as indirectas poden presentar unha visión sesgada do acontecemento histórico e, por tanto, poden voluntaria ou involuntariamente, falsear os datos históricos. O investigador debe ser moi coidadoso e, sempre que poida, comparar diversas fontes de información que traten o mesmo feito buscando sempre a **VERDADE** e a **OBXECTIVIDADE** por riba de interpretacións partidistas.

Clasificación dos fenómenos históricos

- **FENÓMENOS POLÍTICOS:**

- Que entendemos por feitos políticos?
- Que entendemos por “sistema político”? Que sistemas políticos existen?
- Que institucións políticas coñeces? Como se constitúen? Que funcións teñen?
- Que relación existe entre un sistema político e a teoría que o sustenta?
- Cales son e como se organizan os poderes do Estado nos distintos sistemas políticos?

- **FENÓMENOS SOCIAIS:**

- Os grupos sociais.
- Criterios de clasificación dos grupos sociais.

● FENÓMENOS ECONÓMICOS:

- Que entendemos por actividades económicas?
 - Aquelas que se realizan para a obtención de bens e servizos que necesitamos para vivir.
- Que son os medios de produción?
 - Son os elementos que interveñen na produción dos bens e servizos: materias primas, traballo que se realiza mediante uns instrumentos e unhas técnicas.
- A que chamamos estrutura económica?
 - Ao conxunto de elementos que interveñen na produción e distribución dos bens. Esta estrutura cambiou ao longo da Historia e, en moitos casos, foi causa principal dos conflitos.
- Cales foron os cambios económicos máis significativos na Historia da humanidade?

● FENÓMENOS CULTURAIS:

- Todas as sociedades humanas, sen excepción no tempo e no espazo, elaboraron unha serie de manifestacións artísticas (pinturas, esculturas, música, literatura, edificios, etc.) que se converten en testemuñas e símbolos de como unha determinada sociedade humana entende a vida e busca solucións aos problemas que supón a existencia.
- Cando e onde naceron as grandes relixións? E as principais teorías científicas? Cal é o estilo e as características principais de edificios históricos, esculturas e pinturas vemos nos medios de comunicación? Que significa que dúas sociedades diferentes teñan formas diferentes de entender e representar a arte?

Como contamos o tempo


Contar años

10 años = una **década**
100 años = un **siglo**
1.000 años = un **milenio**

Las fechas permiten:

- ✓ Agrupar hechos y objetos simultáneos.
- ✓ Establecer su sucesión correcta ordenándolos en el tiempo.

Las eras



Era cristiana (año 1 nacimiento de Cristo):

- ✓ a.C (antes de Cristo).
- ✓ d.C (después de Cristo).

A que siglo pertenece un año


Siglo I	Del año 1 al año 100
Siglo XI	Del año 1.001 al año 1.100
Siglo XX	Del año 1.901 al año 2.000

Para saber a que siglo corresponde una fecha, se suma 1 a la cifra de las centenas. No sirve para los terminados en 00

LAS ETAPAS DE LA HISTORIA

Prehistoria
Edad Antigua
Edad Media
Edad Moderna
Edad Contemporánea

Periodos en que se divide la Historia para estudiarla mejor.



ETAPAS DE LA HISTORIA

TEXTO: LA HISTORIA DE UN DÍA

Una vez, a medianoche, los hombres tuvieron el mundo a su disposición. Durante mucho tiempo, habida cuenta de lo que sabemos, permanecieron muy tranquilos; durante la mañana y la tarde de ese día se limitaron a vagabundear en pequeños grupos, a cazar animales con lanzas y flechas, a refugiarse en cavernas y vestirse con pieles. Hacia las seis de la tarde empezaron a aprender algo sobre semillas y agricultura; hacia las siete y media se habían establecido en grandes ciudades, en Egipto, Mesopotamia, la India, etc.

Después llegó Moisés, a las nueve menos cuarto. Tras él vinieron Buda, en la India; Sócrates, en Grecia, y Confucio, en China, que se fueron todos juntos, aunque sin llegar a conocerse, sobre las diez y diez. En torno a las diez y media apareció Cristo, algo después de la gran muralla china y de Julio César. Hacia las once fue el momento de Mahoma.

Hacia las once y media surgieron las primeras grandes ciudades en Europa del Norte. A partir de las doce menos cuarto, los hombres salieron de estas grandes ciudades y saquearon el resto del mundo por doquier. Primero expoliaron América del Norte y del Sur, luego la India y, finalmente, cuándo sólo faltaban cuatro minutos para la media noche, le llegó el turno a Africa. Dos minutos antes de la medianoche se desencadenó una gran guerra entre ellos, a la que siguió otra semejante sólo cincuenta segundos después. En el último minuto del día esos hombres del Norte de Europa fueron expulsados de la India, de Africa y de muchos otros países, pero no de Norteamérica, donde se habían instalado de forma estable. En ese último minuto, además, inventaron armas nucleares, desembarcaron en la Luna, doblaron la población mundial y consumieron más petróleo y metales de los que se habían utilizado en las precedentes veintitrés horas y cincuenta y nueve minutos. Volvía a ser medianoche, el inicio de un nuevo día.

R. RICHARDSON: *Learning for Change in World Society*